



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E SEIS DE ABRIL DO 2016.

SRES. ASISTENTES:

Alcaldesa - Presidenta:

D^a. Rocío López García.

Tenentes de Alcalde:

D. Manuel Arango Ron.

D. Carlos Rivas Rivas.

D^a.M^a Mercedes Dengra Sixto.

Secretaria -Interventora:

D^a.M^a. Begoña Glez. Pedregal.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial de Lourenzá, sendo as TRECE HORAS QUINCE MINUTOS (13,15) do día VINTE E SEIS DE ABRIL do 2016, reúnese a Xunta de Goberno Local baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa -Presidenta, asistindo os señores relacionados ao marxe e actuando como fedataria, a Secretaria da Corporación.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia, pasouse ao exame e deliberación dos asuntos comprendidos na Orde do Día, adoptándose os acordos que se relacionan seguidamente:

1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (23/02/2016).

Preguntados os membros da Corporación pola Alcaldía se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data VINTE E UN DE MARZO DO 2016 (21/03/2016) e no habendo nada, foi aprobada por unanimidade dos presentes.

2º.- CORRESPONDENCIA OFICIAL.

Neste punto da orde do día deuse conta dos escritos que se relacionan a continuación, quedando a Xunta de Goberno Local decatada do contido de todos eles, a saber:

A) Escrito do Consello Consultivo de Galicia de 19/04/2016, rexistrado de entrada co núm. 564 o día 22/04/2016 e no que se informa da publicación no DOG. Núm. 69 de 12/04/16, da Lei de Ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e na súa disposición final segunda establece a nova posibilidade de que ás entidades locais, concretamente ás persoas titulares da presidencia, poidan solicitar do Consello Consultivo de Galicia a emisión de informes en asuntos de especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia (posibilidade ata agora reservada á persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia), se ben existen unha serie de requisitos e uns supostos taxados para poder tramitar ditas solicitudes.

B) Escrito Núm. 1728 de 21/04/2016 de Turismo de Galicia, rexistrado de entrada o día 25/04/2016, co núm. 571, pola que se informa da concesión de subvención ó concello para apoio , promoción e difusión da XXVI Festa da Faba, por importe de Tres mil euros.

C) Escrito núm.731 de 01/04/2016, da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación

Universitaria, rexistrado de entrada co núm. 440 o día 04/04/2016 e polo que se achega a confirmación da relación de actuacións que terán lugar no Concello dentro da programación de Cultura no Camiño 2016

3º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS

A).- EXPDTE 345/16 DE Dª. AUREA GAYOSO MARFUL PARA SUBSTITUCION DE SEIS VENTAS.

Vista a solicitude presentada por Dª. AUREA GAYOSO MARFUL con DNI. Núm. 33.691.979S con domicilio en Piñeiro, 13 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, quen solicita permiso para substitución de seis ventás en Piñeiro, 13 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal.

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 14/04/16 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- Prazo de execución: Inicio: 3 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento oitenta euros (180,00.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en seis mil euros (6.000,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

B).- EXPDTE 362/16 DE D. SEBASTIAN LOPEZ FRANCO PARA REPARACION E MANTEMENTO DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

Vista a solicitude presentada por D. SEBASTIAN LOPEZ FRANCO con DNI. Núm. 77.592.742B con domicilio en Painzás de Abaixo, 8 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, quen solicita permiso para reparación e mantemento de vivenda unifamiliar illada en Painzás de Abaixo, 8 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, segundo Memoria Valorada de data febreiro/2016 redactada pola Arquitecta Mª Mayte Vidal Loureiro, colexiada núm. 4088 do COAG.

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 14/04/16 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.

- Dado que se trata dunha obra de escasa complexidade técnica, construtiva e económica e que non supón alteración do volume nin do uso e que tampouco afectan o deseño exterior nin á cimentación nin á estrutura referíndose unicamente á substitución da lousa e entaboados dunha edificación residencial enténdese por tanto que teñen a condición de obra menor de acordo co disposto no art. 40 da Lei 2/2016 non é necesaria autorización autonómica previa.

As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento.

- Prazo de execución: Inicio: 3 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría - Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar seiscentos oitenta e un euros con noventa e tres céntimos (681,93.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en vinte e dous mil setecentos trinta euros con noventa e tres céntimos (22.730,93.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

C).- EXPDTE 1.604/15 DE D. JOSE VENTOSO IGLESIAS PARA ACABADOS INTERIORES NO PAZO DE TOVAR.

Vista a solicitude presentada por D. JOSE VENTOSO IGLESIAS con DNI. Núm. 33.845.272Z con domicilio en Pazo de Tovar, 2 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, quen solicita permiso para acabados interiores no Pazo de Tovar, da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, segundo Memoria Valorada de data novembro/2015 redactada pola Arquitecta M^a Mayte Vidal Loureiro, colexiada núm. 4088 do COAG.

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada, é dicir para o acondicionamento de tres espazos interiores, sen que exista referencia algunha a actividades a desenvolver nos mesmos(O solicitante da licenza aporta un plano redactado pola Arquitecta D^a Mayte Vidal Lourido no que se elimina a actividade de "Tenda" prevista nun dos locais).

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 14/04/16 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Rústico de Protección do Patrimonio -Ben catalogado de Interese Cultural segundo o Decreto do 22/abril/1949 sobre Protección dos castelos españois, Lei 16/85 do Patrimonio Histórico Español e Disposición Adicional Primeira da Lei 8/95 do Patrimonio Cultural de Galicia.

- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.

-De acordo co art. 40 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia nas edificacións existentes de carácter tradicional permitiranse obras de rehabilitación que deberán manter as características esenciais do edificio,

do lugar e da súa tipoloxía orixinaria sen que sexa preciso para a concesión da licenza autorización autonómica.

A documentación aportada na solicitude de licenza faise referencia unicamente ás obras de execución para o acondicionamento de tres espazos interiores, sen que exista referencia algunha a actividades a desenvolver nos mesmos. Neste caso debería tramitarse a correspondente licenza para o desenvolvemento da actividade concreta.

Asimesmo e en concordancia co indicado no punto anterior, existe nas dependencias municipais unha solicitude de licenza para a actividade de restaurante que inclúe unha das salas obxecto de acondicionamento e que se encontra en tramitación. Estes expedientes son independentes e tramítanse de forma separada, sen que as obras de acondicionamento do local incluído nos dous expedientes vincule a concesión da licenza de actividade solicitada.

Teranse en conta as condicións que figuran na Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 7 de marzo de 2016 e que se transcriben literalmente:

“O promotor das obras achegará á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural unha memoria final da intervención, segundo dispón o artigo 38.2 da LPCG, na que se recolla cando menos unha descrición das solucións executadas e unha reportaxe gráfica dos traballos e o seu resultado.”

- Prazo de execución: Inicio: 3 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría - Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento noventa euros con corenta e sete céntimos (190,47.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en seis mil trescentos corenta e nove euros con nove céntimos (6.349,09.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

4º.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

A) ESCRITO DA FEGAMP REFERENTE Ó CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELÉCTRONICOS (RAEE) E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.

Visto o escrito de data 04/04/2016, con rexistro de entrada núm. 485 de 12/04/2016, achegado pola FEGAMP e referente ó Convenio asinado entre dito organismo e a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE), e que ven a supoñer unha mellora dos puntos limpos municipais, a Xunta de Goberno, tras un breve debate onde se valoraron as vantaxes da adhesión ó Convenio e que non supón ningún custo adicional para o Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seus número legal, ACORDA:



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



PRIMEIRO.- ADHERIRSE ó Convenio Marco de colaboración asinado o 30/03/2016 entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP en materia de Xestión de Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos, con fin de dotar ao Punto Limpo de titularidade do Concello de Lourenzá do equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto do dito Convenio para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE), sendo o contido literal das súas cláusulas, o que segue:

I.-OBXECTO E ORZAMENTO DA ACTUACION

a)Obxecto.

Este convenio ten por obxecto dotar aos puntos limpos de titularidade municipal e supra - municipal de Galicia do equipamento para a recollida e clasificación de Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos (RAEE) Que se indica a continuación:

- *Medios para a pesada dos RAEE recollidos.*
- *Marquesiñas para o almacenamento dos RAEE.*
- *Barreiras de estanquidade e beirís perimetrais.*
- *Carteis distintivos correspondentes ás distintas fraccións de RAEE.*

b)Orzamento estimado.

O Orzamento estimado do investimento ascende á cifra de 536.979,85 Euros IVE incluído. Aos efectos orzamentarios, as anualidade do investimento previsto son:

EXERCICIO	ORZAMENTO	IVE	TOTAL	FINANCIAMENTO
2016	252.066,00 €	52.933,86 €	304.999,86 €	80 € DEDER 2014-2020
2017	191.719,00 €	40.260,99 €	231.979,99 €	
TOTAL	443.785,00 €	93.194,85 €	536.979,85 €	

As anteriores previsións da programación económicas poderán ser revisadas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio durante o desenvolvemento da actuación, dando coñecemento dos cambios, no seu caso, á Comisión de Seguimento prevista na Cláusula VII.

Os compromisos de carácter económico determinaranse sobre a base do custo real da actuación de conformidade coa Cláusula IV desde Convenio. O importe total do investimento dependerá dos custos reais incorridos pola Consellería.

II .- OBRIGAS DAS PARTES.

a)Obrigas da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

1.- Levar a cabo todas as actuacións precisas para a licitación, adxudicación e execución dos contratos precisos para o cumprimento do obxecto do convenio, axustándose ao Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público.

2.- Comunicar á FEGAMP, canta información sexa de interese para o desenvolvemento e seguimento das actuacións previstas no presente convenio.

3.- Intercambiar coas Entidades locais e a FEGAMP, canta información sexa de interese para o desenvolvemento e seguimento das actuacións previstas no presente convenio.

b) Obrigas da Federación Galega de Municipios e Provincias.

1. Trasladar ás Entidades locais o presente convenio e promover a súa adhesión ao mesmo.

2. Colaborar coas Entidades locais e coa comunidade autónoma, na mellora da eficacia da recollida selectiva de RAEE.

3. Intercambiar coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e coas Entidades locais canta información sexa de interese para o desenvolvemento e seguimento das actuacións previstas no presente convenio.

c) Obrigas das Entidades locais que se adhiran.

1. Permitir á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o libre acceso ás instalación do punto limpo de que se trate e permitirlle realizar cantas actuacións sexan precisas para o cumprimento do obxecto do convenio.

2. A renuncia expresa a esixir calquera taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das actuacións obxecto deste convenio.

3. O compromiso de asumir, unha vez rematadas as actuacións e, previa comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, o mantemento e conservación dos subministros.

4. Poñer en marcha, de conformidade eco disposto no Real Decreto 110/2015, as medidas necesarias para lograr unha mellora continua do reciclado de RAEE e garantir a correcta integración da recollida selectiva de RAEE no ámbito da xestión dos residuos municipais.

III.- FINANCIAMENTO

Para a execución dos compromisos asumidos pola Comunidade Autónoma de Galicia, reservárase con cargo á aplicación orzamentaria 07 03 541D 623.1 a cantidade de cincocentos trinta e seis mil novecentos setenta e nove euros, con oitenta e cinco céntimos #536.979,85 €, coa seguinte distribución anual: Exercicio 2016: 304.999,86 €/Exercicio 2017: 231.979,99 €

Este esquema de financiamento poderá axustarse se, como consecuencia das necesidades dos municipios adheridos, o crédito inicial non resulta suficiente para dar cumprimento ao obxecto do convenio en cuxo caso, se deberá formalizar a correspondente Addenda ao presente Convenio onde se modificará o importe inicialmente establecido.

IV. COFINANCIAMENTO CON DONDOS EUROPEOS.

O Obxecto deste convenio cofinanciarase pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80% no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no eixe prioritario 6 "conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos", prioridade de investimento 6.1. "O investimento no sector dos residuos para cumprir os requisitos de acervo da Unión en materia de medio ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dunha inversión que vaia máis alá de ditos requisitos" obxectivo específico 6.1.1 "Desenvolver a separación, recollida selectiva a tratamento de residuos, incluíndo as accións de peche de ciclo; contemplando tanto os plans de xestión como os investimentos en infraestruturas".

V. CUSTO DO INVESTIMENTO

a. Entenderase por custo de investimento o importe que representa o custo total das subministracións, unha vez determinadas as necesidades reais de equipamento dos puntos limpos das entidades locais adheridas.

b. Para a determinación das necesidades reais de equipamento seguirase o seguinte procedemento:

1. Adherida a entidade local, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través dos técnicos que se destinen ao efectos, emitirá informe no que se especificará, á vista das características do punto limpo de que se trate, o equipamento que, estando comprendido no obxecto desde convenio, sexa necesario subministrar no punto limpo. No informe especificarase o custe estimado que derive do subministro do citado equipamento.

2. O secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, atendendo ao informe citado no parágrafo anterior, ditará resolución na que se determinará o equipamento a subministrar e o custe estimado da súa subministración. Contra a resolución anterior, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co establecido nos artigos 107.1, 114 e 115 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

c. As actuacións precisas para a dotación dos puntos limpos será executadas directamente pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

VI.-PROCEDEMENTO DE ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS

1.-Poderán solicitar a adhesión ao presente convenio as entidades locais que dispoñan dun punto limpo de titularidade municipal ou supra –municipal construído amparo do Decreto 4/2055, do 13



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



de xaneiro, sempre que, antes do 31 de decembro de 2016, estean en disposición de reunir as seguintes características:

- a) *Estean autorizadas para a xestión do punto limpo, ou en trámite de obter a pertinente autorización. No caso de que a entidade local optara por externalizar a xestión do punto limpo, a adxudicataria do servizo deberá contar coa pertinente autorización da xestión.*
- b) *Estean adheridas ao Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas Colectivos de Responsabilidade Ampliada do Produtor de Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos, vixente.*
- c) *Non ter sido obxecto de sanción firme en vía administrativa por deficiencias na xestión do punto limpo no último ano, e en caso de selo, ter subsanado as deficiencias a consecuencia das cales se lle impuxo a sanción.*

2.-As entidades locais que voluntariamente decidan adherirse ao presente convenio deberán comunicar, no prazo dun mes dende a sinatura do presente Convenio, a decisión á Comunidade Autónoma de Galicia de xeito fidedigno e asinar un Acordo de adhesión –segundo o modelo que se achega como Anexo I, no que expresamente se acepten todas as condicións do presente convenio.

3.-O presente convenio entrará en vigor para as Entidades Locais que voluntariamente se adhiran o mesmo día da sinatura por estas do Acordo de adhesión.

4.-A comunidade autónoma informará á FEGAMP das adhesións que se produzan, no prazo máximo de 15 días hábiles dende a formalización as mesmas.

VII.- COMISION DE SEGUIMIENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e dous representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

A composición da comisión será a seguinte:

- *Pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a persoa titular da Secretaria Xeral de Calidade Ambiental ou persoa en que delegue, e a persoa titular da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental, ou persoa en quen delegue.*
- *Dous representantes da FEGAMP.*

VIII. MODIFICACIÓN, VIXENCIA E DURACIÓN

O convenio poderá modificarse, mediante a subscrición dunha Addenda ao mesmo, polas seguintes causas previstas:

-Pola necesidade de aumentar a dotación orzamentaria prevista na Cláusula I, tras determinar as necesidades reais de equipamento das entidades locais adheridas conforme a Cláusula V.

-Pola necesidade de ampliar o prazo de execución do mesmo, para a correcta realización da totalidade do seu obxecto.

-Para dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria, reducindo o volume das obrigas asumidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ou ampliando os prazos de execución previstos neste convenio. Entenderase que concorren causas económicas que xustifiquen a modificación cando se produza unha situación de diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións dos orzamentos aprobados.

Tamén se considerará que concorren causas económicas cando:

- *Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria pola autoridades competentes.*
- *Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do Convenio.*
- *Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións a contratar como consecuencia deste Convenio, para atender os servizos públicos esenciais, entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.*

Estas modificacións deberán formalizarse mediante a subscrición dunha Addenda ao Convenio.

O presente convenio marco entrará en vigor o día da súa sinatura e a súa duración será ata o 31 de decembro de 2017.

IX. -RESOLUCIÓN ANTICIPADA DO CONVENIO

Son causas de resolución do presente convenio de colaboración as seguintes:

a) Por incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo da elixibilidade dos danos e responsabilidades imputable ao causante.

b) Por mutuo acordo.

X.- RÉXIMEN XURÍDICO

Conforme ao establecido no artigo 4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do Sector Público, este convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, sendo de aplicación os seus principios para resolver as dúbidas e lagoas que poidesen presentarse. Este Convenio ten natureza administrativa. Sen prexuízo das funcións da comisión de seguimento, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir en tomo á súa interpretación, aplicación, modificación, resolución e efectos corresponderá á xurisdición contencioso- administrativa. Calquera variación das cláusulas establecidas no presente convenio terase que consignar necesariamente por escrito, carecendo de toda eficacia ou validez ata o cumprimento deste requisito.

XI.- PUBLICIDADE

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, coa expresión da súa contía e finalidade, de acordo con disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Neste sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente Convenio a publicidade esixida.

Así mesmo, na licitación e execución dos contratos precisos para o cumprimento do obxecto deste Convenio, deberán cumprirse, as obrigas esixidas pola normativa comunitaria nas distintas actividades de información, publicidade e comunicación, nos termos previsto no Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, e especialmente o adxudicatario dos contratos terán en conta do seu anexo XII as responsabilidades determinadas respecto da información e comunicación sobre o apoio procedente dos fondos europeos dispostas no apartado 2.2 relativo ás medidas de información e comunicación dirixidas ao público; e no Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006; así como no que se dispoña na normativa de desenvolvemento e execución destes regulamentos como o previsto no Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 da Comisión do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos.

En proba de conformidade, as partes asinan este Convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento, quedando un exemplar en poder de cada unha das partes."

SEGUNDO.- Achegar certificación do presente acordo a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) de conformidade coa cláusula sexta do dito Convenio.

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García, para a Xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

B) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 28/03/2016 REFERENTE Á SOLICITUDE CURSADA A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA Ó ABEIRO DA RESOLUCIÓN DE 19/02/2016



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P27027008
REL: 01270272



(DOGA. NÚM. 40 DE 29/02/16) POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA O APOIO AOS INVESTIMENTOS PARA USO PÚBLICO EN INFRAESTRUTURA RECREATIVA, INFORMACIÓN TURÍSTICA E INFRAESTRUTURA TURÍSTICA A PEQUENA ESCALA, MEDIANTE O FOMENTO DA ACCESIBILIDADE E SINLIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS NO MEDIO RURAL.

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu numero legal ACORDOU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 28/03/2016, sendo o seu contido literal o que segue:

“Dona ROCIO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa - Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente, ao abeiro da Resolución de 19 de febreiro de 2016 publicada no DOG nº 40 de 29/02/16, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2016.

Vista a necesidade da mellora do entorno do Mosteiro de San Salvador e da sinalización dos bens de interese cultural do Concello de Lourenzá.

Visto o proxecto da obra “Mellora do entorno do BIC Mosteiro de San Salvador de Lourenzá”, redactado pola Arquitecta Marta Sánchez Seivane, de data 28/02/2016.

Vista a memoria valorada de “Sinalización de BIC en Lourenzá”, redactada pola Arquitecta Marta Sánchez Seivane,, VEN A RESOLVER:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto da obra “Mellora do entorno do BIC Mosteiro de San Salvador de Lourenzá” por un importe de 21.494,94 € IVE INCLUÍDO.

SEGUNDO.- Aprobar a memoria valorada de “Sinalización de BIC en Lourenzá”, por un importe de 5.446,21, 00€ IVE INCLUÍDO.

TERCEIRO.- Solicitar á Axencia de Turismo de Galicia unha subvención para a “Realización de obras de mellora no entorno do BIC Mosteiro San Salvador e sinalización dos recursos turísticos do Concello de Lourenzá” por importe de 26.941,15 € (IVE INCLUIDO) ao abeiro da da Resolución de 19 de febreiro de 2016 publicada no DOG nº 40 de 29/02/16, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2016, co seguinte detalle:

Orzamento das obras de mellora do entorno do Bic Mosterio de San salvador de Lourenzá:

<i>Orzamento de Execución Material</i>	<i>14.928,08 €</i>
<i>13% Gastos Xerais</i>	<i>1.940,65 €</i>
<i>6% Beneficio Industrial</i>	<i>895,68 €</i>
<i>SUBTOTAL</i>	<i>17.764,41 €</i>

Orzamento de sinalización de recursos turísticos de lourenzá:

<i>Orzamento</i>	<i>4.501,00 €</i>
------------------	-------------------

ORZAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DO ENTORNO DO BIC MOSTERIO DE SAN SALVADOR DE LOURENZÁ E SINLIZACIÓN DE RECURSOS TURÍSTICOS DE LOURENZÁ:

Orzamento de obras de mellora	17.764,41 €
Orzamento de sinalización	4.501,00 €
21% I.V.E.	4.675,74 €
ORZAMENTO TOTAL DE LICITACIÓN	26.941,15 €

CUARTO.- Comprometerse a financiar o gasto correspondente da execución da obra no importe que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria.

QUINTO.- Ratificar a presente resolución na próxima Xunta de Goberno Local.

Mándao e asina a Sra. Alcaldesa - Presidenta en Lourenzá (Lugo) a vinteoito de Marzo de dous mil dezaseis."

C) DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENO RURAL NÚM.1749 DE 29/03/2016 NO QUE SE REMITE ACORDO SOBRE SUSPENSIÓN DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO DO MUSEO E CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CULTURA DOS PAZOS GALEGOS (PROXECTO D-12-32330-629) E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.

En relación co expediente D12-32330-629: Museo e Centro de Interpretación da Cultura do Pazos Galegos incluído no Programa dos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia (convocatoria 2012),

Visto que dito escrito núm. 1749 con data de saída de 29/03/2016 é contestación ó recurso de reposición presentado polo Concello de Lourenzá o 25/02/2016 contra a Resolución de reintegro do 19/01/2016 e no mesmo solicitábase a suspensión da Resolución de reintegro.

Visto que por medio do mesmo foi notificada resolución de data 22.03.2016 ditada na persoa do Director da Axencia á que se dirixe esta Xunta, pola que se acorda non suspender o procedemento de reintegro do **Proxecto D12-32330-029**.

Que entendendo que dita resolución é contraria ó Ordenamento Xurídico, dito sexa co debido respecto e en termino de estrita defensa, por medio da presente, esta Xunta ven a interpoñer en tempo e forma **RECURSO DE REPOSICIÓN** fronte ó citado acordo con base nos seguintes FEITOS:

Primeiro.- Se aceptan os recollidos na resolución impugnada en canto no resulten contraditorios co contido do presente escrito de recurso.

Segundo.- Que o escrito de solicitude de suspensión do acordo de data 19.01.2016 tivo entrada no rexistro administrativo con data do día 25/02/16. A Resolución que por medio da presente se impugna foi notificada con data de 31.03.2016.

E cos seguintes FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- Resultan de aplicación os citados de adverso, en canto a competencia e procedemento.

II.- Artigo 116 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, conforme o que "*Los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo*".

III.- O artigo 111.1 da Lei 30/1992: "*el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el*



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el perjuicio que se causa al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:

a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación."

b) Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 62 . 1 de esta Ley .

3 . La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurridos treinta días desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro del órgano competente para decidir sobre la misma, éste no ha dictado resolución expresa al respecto . En estos casos no será de aplicación lo establecido en el artículo 42 . 4 , segundo párrafo , de esta Ley .

Como queda exposto nos antecedentes deste escrito, ten pasado máis de 30 días dende a solicitude de suspensión, e a notificación da resolución pola que se acorda a súa desestimación. Polo que habería de entenderse a todos os efectos concedida a mesma de conformidade ó artigo 111.3 transcrito.

IV.- Se establece na Resolución impugnada que non procede acordar a suspensión da Resolución de data 19.01.2016 ditada na persoa do Director da Axencia a la que se dirixe esta Xunta, pola que se acorda resolver o procedemento de reintegro referenciado supra, acordando a obrigación da Administración á que representamos de reintegrar as cantidades percibidas con cargo o Proxecto D12-32330-029, por non concorrer ningún dos requisitos establecidos no artigo 111 da Lei 30/1992.

Entende esta parte que este é o primeiro erro que se condensa na Resolución impugnada, por canto tal e como queda recollido no texto do mesmo, a solicitude de suspensión efectúase ó abeiro do recurso de reposición que esta parte, simultaneamente, interpón fronte á mesma resolución cuia suspensión se interesa. Polo tanto concorrería o requisito esixido pola Lei. Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 da Lei. Recurso que ten que ser resolto pola administración, non sendo a resolución que agora impugnase o lugar onde a administración ten de pronunciarse respecto á procedencia ou non do mesmo.

Esta parte afirmase e ratifica no contido do meritado recurso, recordando á administración que o mesmo se fundamenta na vulneración do artigo 62.1 da Lei 30/1992, insistindo esta parte na inexistencia de acto administrativo que sirva de causa e base ó acordo de reintegro, dado que éste ten sido revocado xudicialmente, pero tamén nos principios xerais ós que debe servir toda actuación das administracións públicas, na obrigación da Administración actuante de someterse ás resolucións e sentencias dos Tribunais de Xustiza, e no fraude de Lei, ó tratar de facer efectivo o contido de dita resolución, ó abeiro dunha cuestión procedimental e en tanto se sustancia dito recurso, buscando unha aparencia de legalidade en franca contradición coas cuestións de fondo afectadas e subtraendo con elo as súas competencias ó órgano xudicial.

Por todo o que, aínda no caso de entender a administración, como parece, que non estaría afectado o acto por unha imposibilidade material de realización, pese a que como dicimos, carece de obxecto, por terse anulado aquel acto administrativo que constituía a súa causa, o certo é que igualmente, a obcecación da administración en levar a efecto un acto que "de facto" está anulado polo Xulgado, podería entenderse, polos motivos expostos, como unha vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva que asiste a esta parte, e polo tanto, nulo de pleno dereito igualmente.

Insistimos, novamente, que, en todo caso, estas cuestións son aquelas que deben ser resoltas con ocasión da resolución do recurso de reposición, e non, no presente acordo, cuio obxecto é a procedencia ou non da suspensión interesada. A cuio efecto debe de quedar clara a concorrencia dos requisitos legalmente esixidos na solicitude desta parte.

V.- Dito o anterior, e, en canto á fundamentación do acto recorrido, que establece a non concorrencia dos requisitos esixidos para a adopción da medida cautelar, ó entender improcedente a alegación de nulidade do acto recorrido, e a falta de proba do dano alegado por esta parte, é necesario realizar as seguintes precisións.

No ámbito administrativo, o artigo 111.2 da Lei 30/1992, establece a excepción ó principio de executividade. Así pode acordala o órgano a quen compete resolver ó recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que se causa ó recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a execución puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

b) Que a impugnación se fundamente en algunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 desta Lei.

Na vía xudicial, a regulación das medidas cautelares no recurso contencioso-administrativo parte do establecido no artigo 129 da LRJCA que faculta ós interesados para solicitar en calquera estado do proceso a adopción de cantas medidas aseguren a executividade da sentenza.

No artigo 130.1, inciso segundo se determina que *"...la medida cautelar podrá acordarse únicamente cuando la ejecución del acto o la aplicación de la disposición pudieran hacer perder su finalidad legítima al recurso"*.

Como contrapeso o parámetro de contención do anterior criterio, se esixe ó mesmo tempo, unha detallada valoración ou ponderación do interese xeral ou de terceiros. En concreto, no artigo 130.2 sinalase que, *"no obstante la concurrencia del periculum in mora, " la medida cautelar podrá denegarse cuando de ésta pudiera seguirse perturbación grave de los intereses generales o de tercero"*.

Como aportación xurisprudencial ó sistema que se expón, debe deixarse constancia de que a conxugación dos dous criterios legais de precedente cita (periculum in mora e ponderación de intereses) debe levarse a cabo sen prexulgar o fondo do litixio, xa que, polo xeral, na peza separada de medidas cautelares se carecese aínda de elementos bastantes para levar a cabo esa clase de enxuciamiento, e porque, ademais, se



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



produciría o efecto indesexable de que, por amparar o dereito á tutela xudicial efectiva cautelar, vulneraríase outro dereito, tamén fundamental e igualmente recollido no artigo 24 da Constitución , que é o dereito ao proceso colas garantías debidas de contradición e proba.

Dende unha perspectiva procedimental a LRJCA aposta decididamente pola motivación da medida cautelar, consecuencia da previa ponderación dos intereses en conflito. Así, o artigo 130.1.1º esixe para a súa adopción la: "previa valoración circunstanciada de todos los intereses en conflicto", expresión que reitera no artigo 130.2 in fine, ó impoñer tamén unha ponderación " en forma circunstanciada" dos citados intereses xerais ou de terceiro.

Establecese con precisión o ámbito temporal das medidas: A solicitude poderá levarse a cabo *"en cualquier estado del proceso"* (129.1, coa excepción do núm. 2 para as disposicións xerais), estendéndose, en canto a súa duración, *"hasta que recaiga sentencia firme que ponga fin al procedimiento en que se haya acordado, o hasta que este finalice por cualquiera de las causas previstas en esta Ley"* (132.1), contemplándose, non obstante, a súa modificación por cambio de circunstancias (132.1 y 2).^{ga}.

A ponderación dos intereses xerais co interese particular da parte recorrente, supón unha busca do equilibrio no mantemento do principio de tutela xudicial efectiva, recoñecido no artigo 24 da Constitución, do principio de legalidade, e da presunción de validez do acto administrativo, relacionado co principio de executividade de dito acto, amparados no artigo 57 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Por outra parte corresponde ó recorrente acreditar, de forma clara e precisa, a existencia dos danos e prexuízos que a executividade de resolución impugnada pódelle provocar. Agora ben, esta esixencia non precisa necesariamente de proba, pois é suficiente unha xustificación ou razoabilidade da medida solicitada con expresión clara do prexuízo que a medida tende a evitar, a posible irreversibilidade da situación creada pola executividade do acto administrativo, e a conseguinte perda da finalidade lexítima do recurso. E todo elo, sen esquecer que a suspensión da execución dos actos administrativos segue sendo en o noso dereito, unha medida de excepción ó principio xeral de auto tutela das Administracións públicas, polo que unicamente debe adoptarse, ben cando a execución poida producir de forma indubitada danos ou prexuízos de reparación imposible ou ben cando as específicas circunstancias en cada caso concorrente determinen que a execución puidera facer perder a súa finalidade lexítima ó recurso interposto conforme ás previsións establecidas no artigo 130.1 LRJCA e sempre valorando por unha parte os intereses públicos e os do particular.

Conforme a todo o exposto, procede a revogación da resolución impugnada, e acordar a suspensión do acordo de reintegro polos motivos indicados:

